

XELA, A SUPERHEROÍNA DE ALDEA

Esta é a historia dunha nena de ollos grandes, nariz de garavanzo e beizos de amorodo que vive en una fermosa casa de aldea cunha cheminea que fumea dende setembro ata maio. Un prado a un lado, a horta con verduras ao outro, e alí á súa fronte unha fraga con carballos.

Ela pensa que é unha nena coma o resto, mais todas as persoas que a coñecen saben que ten superpoderes; unha semana calquera na vida de Xela está chea de aventuras; é unha superheroína!

♥ Como é Xela?

♥ Onde vive?

♥ Que ten Xela?

LUNS

A gata da Señora María saíra disparada cara á copa dunha árbore ao verse ameazada polo pequeno Cuco, un cadelo de can de palleiro que en realidade só quería xogar.

Xela foi decidida na súa axuda!

Deu uns pasiños cara atrás, sacou os pendentos para no enganchalos nas polas -como lle sucederá noutras ocasión -e gardounos no peto do pantalón; dun chimpso suceitouse ao tronco e cun áxil movemento comenzou a rubir por el, estarricou ao máximo os seus braciños ata acadar a póla onde se atopaba Braña.

Gata rescatada!

☺ De quen era a gata?

.....

☺ Onde se foi o animal? Por que?

.....

☺ Quen axudou a gata? Por que sacou os pendentos antes de rescatala?

.....

MARTES

- "Din, don, din, don", soou o timbre
- "Quen chamará á porta?" - cavilou Xela ilusionada.
- "Sorpresa!", plantouse na cociña toda familia do seu pai, que non eran poucos!

A cea estaba preparada para os cinco da casa e agora, de súpeto, eran o dobre. A Xela encántanlle as visitas e non dubidou en ir correndo á despensa onde gardan todas as conservas da horta: esta noite revolto de verduras con ovos das nosas pitas!

Problema resolto: onde sean 5 cean 25!

★ Quen chamou o martes na casa de Xela?

★ Para cantos estaba posta a mesa? E cantos eran agora? Cantos servizos tivo que por?

★ Que cearon?

MÉRCORES

Xela leva varios días observando o pequenos paxarillos en apuros, que se achegan moito á casa para conseguiren unhas poucas faragullas de pan.

Comeza a notarse a chegada do inverno e o alimento dispoñible para eles non é moito, poucas árbores dan froito nesta época do ano.

Xela, ponse mans a la obra! Colle o gorro de cocinera e o mandil, coñecía ben unha receita que faría a súas delicias: derreteu as graxas do porco que sobrou dunha matanza, púscolles sementes e pasas, amasou as bólas que pendurou nas árbores e dende a fiestra albiscou o rebulir dos ferreiriños arredor dos comedeiros.

Que gran lecidicia saber que un ano máis criarían alí preto de casa!

☹️ A quen leva días observando Xela?

.....

☹️ Por que estaban en apuro os paxariño?

.....

☹️ Como os axuda a nosa superheroína?

.....

XOVES

Chove, pero nada lle impide a Xela gozar do día. Pon un pucho, o chubasqueiro e bota fóra o patinete; os seus ollos observan con entusiasmo como outros bichos tamén sacan proveito desta xornada!

Desde as súas casas, as persoas que se coñecen, ven ondear a súa capa.

Enche de cores este día gris!

⚡ Que día fai o xoves?

⚡ Xela queda na cas? Que fai?

⚡ Que observa entusiasmada?

VENRES

Podemos pensar que Xela hoxe estaría na cama enferma pola molladura de onte, mais non é así porque é unha nena forte grazas a que se alimenta moi ben coas verduras da horta, a carne dunha veciña gandeira que ten as vacas pacendo no prado fronte á casa, o mel das abellas do avó e moitos xogos respirando aire limpo; isto fai que Xela non enferme nunca (ou case nunca!)

Xela é forte coma un buxo!

Ata que esa mesma noite se sentiu mal de verdade, estaba enferma de tristeza.

Un arrepío percorreulle o corpo todo ao escoitar falar na tele de Dracma, un desalmado que amenazaba a natureza e a moitas aldeas veciñas.

Preocupada buscou acougo no seu pai:

- Iso non pode pasar mentres nós vivamos aquí na aldea, verdade?


Dracma fixera desaparecer as fragas e os animais que vivían nela, dende o lobo aos escornabois; vendeu os prados onde pacían as vacas, esnaquizou a nosa paisaxe e o noso modo de vivir.

Non contento con iso, empuxou as persoas cara ás cidades e agora viven alí, obrigadas a cambiar o concerto de paxariños polo ruído dos coches e o aire limpo da montaña polos fumes dos tubos de escape.

Coas aldeas sen xente, quen cuidará do noso territorio?

Xela xa tiña que facer algo!

Dibuxa como te imaxinas a Dracma e despois describeo.



Four sets of horizontal lines for writing, each consisting of a solid top line, a dashed middle line, and a solid bottom line.

SÁBADO

Meu dito meu feito. Ao día seguinte aparece una casa un home gris, parecía non ter alma, nariz grande, ollos pequenos e unhas grandes olleiras.

Xela soubo axiña de quen se trataba, era Dracma, o monstro do que falaran onte na tele!; un home ruín que so pensaba nos cartos aínda que iso supuxese que as persoas e a natureza efermasen.

Dracma tiña un plan maléfico, querían espallar o mal polo mundo e perseguía a todas as persoas que desexaban facer a súa vida na aldea.

Estás aviado Dracma!, Xela non ía permitir que lle fixese mal á súa familia, e coa coraxe dunha superheroína, chantouse en fronte disposta a falar con él, meteu as mans nos petos para disimular os nervios e foi aí cando descubriu os pendentes que gardara ese mesmo luns para non mancarse a xogar; tremía coma un bimbio e coa axitación os pendentes acabaron no chan.

Cando Dracma reparou nos pendentes de Xela nubróuselle a vista ao ver brillar as perlas, agora el quería ese novo tesouro e, para conseguilo, ofreceulle a cambio levala a vivir á cidade, con moitas tendas onde mercar lambonadas, grandes centros comerciais, rúas cheas de luces...

Todo o que unha nena da súa idade podería desexar!

Agora ben, xa sabemos que Xela non é unha nena calquera! Mirou ao seu arredor e decatouse de que ela si que era inmensamente rica; non precisaba nada de aquilo que Dracma lle ofrecía e moito menos aqueles pendentes.

-“Faremos un trato” -propuxo ela con seguridade “dareiche os pendentes se ti marchas agora mesmo da miña aldea e non volvemos verte nunca máis por aquí”

-“Trato feito” - dixo Dracma, aínda eclipsado pola beleza daquelas perlas; cun áxil movemento ripou os pendentes das mans de Xela e faltoulle tempo para montar no seu coche e liscar á cidade.

Nunca Máis viron a Dracma na aldea.

Por sorte, a nosa superheroína, coñecía o valor real das cousas e estaba preparada para vivir de pagar, tiña opera casa todo lo que precisaba: comida anahata, conservas la despensa, leña para calentarse cocinar, una chea de espazo o un deseo jugar, adiestrar a su as habilidades, observar a actuar a natureza y aprender de ella.

DOMINGO

Será un domingo tranquilo, hoxe toca gozar dunha boa merenda baixo o seu carballo favorito.

Xa estaba ben de aventuras por esta semana! Ou non?

“A bolboreta que en xela se pousou este conto levou”

Descobre a todos os amigos de Xela e relaciona cada animal co seu nome:



bolboreta



corzo



rá



vaca



vacaloura



anduriña



raposa



esquío



coaniña



galiñas



ferreiriño



pintega

Agora clasifica os animais anteriores en mamíferos, aves, peixes, reptís e anfibios. Se algunha clasificación queda baleira escribe ti algún animal que sexa da nosa contorna.

Mamíferos	Aves	Peixes	Reptís	Anfibios